

GALA TEMAZOS



- ☆ Circo e humor
- 🏠 Exterior e interior
- 🗣️ Galego ou Castelán
- 👤 Todos os públicos
- 🕒 80min aprox.

SINOPSE

Un espectáculo, unha xuntanza, unha festa para todos os públicos que nos fará levantar da cadeira ao ritmo dos grandes temas musicais de onte, hoxe e sempre.

A Gala Temazos é un show cómico multidisciplinar, no que participan distintas compañías de circo e humor, baixo o fío condutor da música que nos conecta.



MÁIS QUE CIRCO

A **GALA TEMAZOS** caracterízase pola súa versatilidade. Adaptamos os números de aéreo, malabar, clown, maxia, danza, etc, segundo o espazo onde sexa programada, ben sea en interior ou exterior.

Contamos cun amplo abanico de números de artistas, para escoller a mellor combinación que faga deleitar ao público ao tempo que se adapte ás características técnicas do espazo.

Ademáis da GALA TEMAZOS, presentamos dúas adaptacións sempre dende o humor como eixo principal

GALA TEMAZOS EN FEMININO: unha gala conformada por un equipazo de mulleres que poñe en valor o papel da Muller na Escena.

GALA TEMAZOS DE NADAL: adaptamos o nos repertorio musical coas panxoliñas e temazos máis soados nestas datas. O mellor xeito de festexar as festas en familia.

NECESIDADES TÉCNICAS

RÚA




- Espazo liso e plano de 8m x 8m e 7m de alto.
- Toma de corrente próxima.
- Acceso ao espazo con furgoneta para carga e descarga.
- Espazo para camerino e W.C. preto.
- Tempo montaxe 3h
- Tempo desmonte 1h
- A compañía aporta equipo de son propio, e pórtico de acrobacia aérea autónomo.

SALA



- Espacio escénico mínimo de 6m x 6m
- (en función da altura e das posibilidades de ancoraxe valoraremos a opción de números de acrobacia aérea)
- Camerinos con W.C.
- O equipo de iluminación será a cargo do espazo.



Sempre Arriba é a compañía de clown e circo coa que me presento, son Marta Iglesias, clown, artista de circo, directora e formadora. Ata agora máis coñecida polos espectáculos propios, a compañía tamén conta cunha longa experiencia na produción de eventos como festivais de teatro cómico e circo, galas e cabarets.

Nesta ocasión, lanzamos este proxecto en común coa **Cía. Inda Pereda**, cunha larga traxectoria no mundo do humor e teatro xestual a nivel nacional e internacional.

E sumamos forzas contando con compañeiras do sector para dar forma a esta Gala de Temazos.



sem pre arriba

CONTACTO

Marta Iglesias

646 314 995

Inda Pereda

667 086 956

marta@semprearriba.com

<https://semprearriba.com/>